CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR

CONCELLO DE VIGO



## BENEFICIARIOS

- Alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos ou privados concertados, en Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.



## REQUISITOS

- A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no Concello de Vigo.
- Convivir cos alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- Estar matriculado ou ter reserva de matrícula para o curso escolar 2012/2013 en centros docentes públicos ou privados concertados, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria e que estean situados no termo municipal de Vigo.
- Para acceder aos beneficios de conciliación de vida familiar e laboral, os pais, nais, titores ou acolledores deberán xustificar atoparse empregados no mes anterior ao da convocatoria.

## LUGAR e PRAZO das SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse do **2 ao 16 de maio** ( ámbolos dous incluídos ) nas UNIDADES BÁSICAS DE ACCIÓN SOCIAL da súa zona relacionadas a continuación:

- Concello: Praza do Rei s/n. T. 986 810 288
  - Sur
- Coia: Quintela nº 31 baixo. T. 986 298 118
  - Castrelos
  - Industria
  - Coia
  - Litoral
  - Balaídos-Comesaña
- Princesa: Praza da Princesa nº 7. T. 986 438 492
  - Casco Vello
  - O Castro
  - Centro
  - Areal
  - Independencia
- Rivera Atienza: Martínez Garrido nº 21 int. T. 986 280 301
  - Lavadores
  - R. Atienza
  - Calvario
  - Cabral-Candeán
- Teis: Dr. Corbal nº 21. T. 986 273 606
  - Travesía
  - Teis



Horario:
de luns a venres de 9:00 h a 13:00 h.

# QUE PODES SOLICITAR

- Para libros

  Educación Infantil (2ª etapa): 70 € por alumno/a.
  O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez por medio de cheque bancario, tras a presentación de factura orixinal.

- Para comedor

  A subvención municipal por este concepto será de 41€ ao mes por alumno/a como máximo e comprende de setembro a xuño (ámbolos dous incluídos).
  As faltas de asistencia ao comedor de catro días continuados ou catro alternos no periodo dun mes sen xustificar, levará á anulación da axuda.
  A resolución das axudas tanto de libros como de comedor, comunicarase no domicilio de cada solicitante e a través da páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org.

# CADRO de INGRESOS – 75% do IPREM

| Unidade familiar | Importe máximo anual |
|---|---|
| 2 membros | 9.585,12 € |
| 3 membros | 14.377,68 € |
| 4 membros | 19.170,24 € |
| 5 membros | 23.962,80 € |
| 6 membros | 28.755,36 € |
| 7 membros | 33.547,92 € |
| 8 membros | 38.340,48 € |
| 9 membros | 43.133,04 € |
| 10 membros | 47.925,60 € |

d) Os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa), primaria e Secundaria Obrigatoria aportarán un xustificante do centro escolar no que se faga constar que teñen interese no servizo de comedor para o curso 2012/2013.

e) Fotocopia da certificación do grao de discapacidade no caso de que algún fillo/a estea afectado/a por ela, ou resolución de invalidez.

f) Certificado de empresa, nómina ou vida laboral conforme se atopen en activo no mes anterior ao da solicitude dos pais dos alumnos, ou do pai/nai en caso de familia monoparental, ou titores e acolledores, para valoración de conciliación de vida familiar e laboral.

g) Calquera outra que se considere conveniente na instrucción do procedemento da resolución.

h) No suposto de resultar beneficiario/a das axudas de libros e material escolar, no momento de recibir o talón presentará factura xustificativa orixinal.

Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos/das interesados/as.

No caso de que algúns documentos requeridos non poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración de compromiso/xurada.